

# A PERÍFRASE VERBAL

Son dous verbos xuntos que funcionan como un único predicado

Verbo auxiliar

Vai conxugado en forma persoal

Pode haber un elemento de relación opcional

Conxunción:  
que

Preposicións:  
a, de, en, para, por

Verbo auxiliado

Vai en forma non persoal:  
infinitivo  
xerundio  
participio

Valor	Perífrase	Exemplo
<b>PERÍFRASES TEMPORAIS</b>		
<b>Futuridade</b>	IR + INFINITIVO	Vou ir de vacacións
	HABER (DE) + INFINITIVO	Heivos comprar algo en Baiona
<b>Futuridade inmediata</b>	ESTAR A / PARA + INFIN.	Aínda non veu, mais está a cheg
	QUERER + INFINITIVO <sup>1</sup>	Mira, quere chover
<b>Acción a piques de suceder quenon sucedeu</b>	PRETº HABER (DE) + INFIN.	Houben caer ao chan
<b>PERÍFRASES MODAIS</b>		
<b>Obrigativas</b>	HABER(DE) + INFINITIVO	Has (de)facer o que che pida
	HABER QUE + INFINITIVO	Hai que portarse mellor
	TER QUE / DE + INFIN.	Tes que/de saír máis cedo
	DEBER (DE) + INFINITIVO	Debe (de) estudar para aprobar
<b>Hipotética</b>	DEBER (DE) + INFINITIVO	Aquí debe (de) vivir un gaitero
<b>Probabilidade</b>	PODER + INFINITIVO <sup>2</sup>	Pode mellorar o tempo
<b>PERÍFRASES ASPECTUAIS</b>		
<b>Imperfectivas</b>	SER A + INFINITIVO	Todos eran a animala
	ESTAR A + INFINITIVO	Estamos a ter mala sorte
	ESTAR + XERUNDIO	Estamos sendo os mellores
	ANDAR A + INFINITIVO	Andan a facer unha ponte
	ANDAR + XERUNDIO	Andan pintando o garaxe
	SEGUIR A + INFINITIVO	Seguía a orballar
	SEGUIR + XERUNDIO	Segue lamentándose
	LEVAR A + INFINITIVO	Leva a traballar desde onte
	LEVAR + XERUNDIO	Leva conducindo desde a mañá
	VIR + XERUNDIO	Veño lendo un libro á semana
<b>Perfectivas</b>	ACABAR DE + INFINITIVO	Acabo de apagar o móbil
	REMATAR DE + INFINITIVO	Rematei de corrixir os exercicios
	DEIXAR(se) DE + INFIN.	Deixa de te queixares
	VIR DE + INFINITIVO	Veño de atopar a túa nai na rúa
	DAR + PARTICIPIO	Non dei lido o libro para onte
	LEVAR + PARTICIPIO	Xa levo lido tres libros
	TER + PARTICIPIO	Cando cheguen xa terei feito toc
<b>Perfectiva reiterativa</b>	TER + PARTICIPIO	Teño estado en verán en Roma
<b>Reiterativa</b>	VOLVER A+INFINITIVO	Se che volve doer, consúltao
<b>Incoativas</b>	BOTAR(SE) A + INFINITIVO	Botouse a chorar sen motivo
	DAR EN+INFINITIVO	Deu en ler novelas do oeste
	COMEZAR/ EMPEZAR A + INF	Comezou a dicir parvadas
	ROMPER A+INFINITIVO	A pota rompeu a ferver
	SOLTARSE A+INFINITIVO	Soltouse a falar moi noviña
	PÓR / POÑER(SE) A + INFIN.	Púxenme a contar ovellas
<b>Terminativas</b>	VIR (A) + INFINITIVO	Por fin veu a saberse a verdade
	CHEGAR A+INFINITIVO	Chegará a facer unha boa obra
	ACABAR POR+INFINITIVO	Acabei por aceptar a situación

<sup>1</sup> QUERER + INF. : xeralmente só ten este valor con verbos referidos á meteoroloxía. Nunha oración como *a tía filla quere ir ao cine* non sería perífrase, porque querer indica “vontade” (que é o valor léxico do verbo) e non “futuro”. É perífrase cando o suxeito do verbo *quere* non é o axente da acción verbal: *ese traballo quere terminada*

<sup>2</sup> PODER + INF. : só é perífrase cando expresa probabilidade, cando significa “ser capaz de” non é perífrase *pode ter a gripe* (perífrase), pero: *Pode saír hoxe*, non é perífrase.

